

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000012.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 2 de abril de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO, DEPORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DUN CONXUNTO EDIFICATORIO EN DÚAS FASES PARA 35 VIVENDAS, ROCHOS E PRAZAS DE APARCADOIROS SITA NA RÚA DOUTOR GASALLA, NÚMERO 29, E RÚA RAMÓN CABANILLAS POETA, NÚMERO 17 (Exp. 2022/Y001/000011).

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DA SINALIZACIÓN HORIZONTAL NA ZONA URBANA, EXP. REF. 2024-C003-000041. ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

3. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A ENTIDADE EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, S.L., PARA A CELEBRACIÓN DO CERTAME DE NARRACIÓN CURTA ÁNXL FOLE.

ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac5922094521776822473.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-4-2025

PARTICIPACIÓN CIDADÁ

4. APROBACIÓN DO CAMBIO DE TITULAR DO POSTO NÚMERO 4 DO MERCADO MUNICIPAL.

MOCIÓN, COMUNICACIÓN E PROPOSICIÓN

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,